



FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEI

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

ELECCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEI CENSOS INICIAIS

Segundo o decreto 16/2018 de 15 de febreiro, (dog de 16 de febreiro, establécense as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben de rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas. No capítulo IV artigo 10 fálase do censo inicial que se debe de publicar na WEB da Federación e no taboleiro de anuncios, sendo a data límite o 28 do presente mes de febreiro e durante 20 días naturais, para que todos/das as entidades e persoas físicas poidan presentar aclaracións, rectificacións e/ou reclamación aos mesmos. En artigos posteriores aparecen, entre outras, as condicións para participar como electores e elixibles neste proceso. Para formar parte dese censo, deportistas, técnicos, e entidades deportivas deberán de cumprirse as seguintes condicións:

1.-ENTIDADES DEPORTIVAS:

- Entidades que figuren inscritas desde xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, na federación galega de hockei e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Entidades que participasen dende xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións como mínimo nunha competición oficial en Galicia cada tempada.

NOTA: OS DATOS DO DOMICILIO SOCIAL DO CADA ENTIDADE DEPORTIVA ESTÁN RECOLLIDOS DA PROPIA INSCRIPCIÓN DA ENTIDADE. PARA A SÚA MODIFICACIÓN DEBERÁ DE ENVIARSE COPIA XUSTIFICATIVA DO CAMBIO. O NOME DO/A PRESIDENTE/A ESTÁ RECOLLIDO DA MESMA INSCRIPCIÓN. SE HOUBESE ALGUNA MODIFICACIÓN POSTERIOR DEBEREDES DE ENVIAR A CORRECCIÓN FEITA E A FOLLA DE REXISTRO DA XUNTA ONDE SE FIXO.

2.-ARBITROS. ADESTRADORES/AS E DEPORTISTAS:

- Ser maior de idade na data de celebración das votacións.
- Ter nacido en Galicia ou ter veciñanza administrativa galega.



FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEI

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

- Ter licenza federativa en vigor na data de convocatoria das eleccións e dende o primeiro semestre do ano anterior ao da celebración das eleccións.
- Ter participado, dende xaneiro do ano anterior ao da celebración das eleccións, nunha competición oficial celebrada en Galicia cada tempada.

NOTA: A DIRECCIÓN DOS DEPORTISTAS, POR DEFECTO E A PROPIA DA ENTIDADE DEPORTIVA A QUE PERTENCE. NOS ADESTRADORES E ARBITROS AS DO PROGRAMA DE LICENZAS, NO CASO DE DEPORTISTAS PUXÉRONSE TODOS AQUELES QUE CUMPREN 18 ANOS NO 2018, UNHA VEZ FIXADA A DATA DE VOTACIÓN, ALGÚN DELES/LAS PODERÁ NON ESTAR POR NON SER MAIOR DE IDADE NELA E ASÍ SE MODIFICARA NO CENSO PROVISIONAL.